

# Outros males da viña



## ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos baceiros.

Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como VERTIMEC (75 ml/hl), mollando homoxeneamente toda a follaxe.



## PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con QUADRI MAX contra mildeu.
- Os outros tratamentos faranse con SWITCH antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 21 días. Pode mesturarse cos produtos anti-mildeu. Dose 100-150 g/hl.



## VERME DA UVA


É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópase en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando KARATE ZEON + 65-130 ml/hl. Tamén se pode aplicar AFFIRM a 1-1,5 kg/ha antes das postas, cando empeza la aparición de bolboretas.



### BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, bacelos e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engurrado dos grans.

Tratar con DYNALI 50-60 ml/hl.



### REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar".

Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrío das gromadas e uvas.

Aplicar ISABIÓN a 300 ml/hl ou ABOFOL a 100-150 g/hl.

Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu.

A partir do pintor aplicacións con STIMUFOL K 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



### MALAS HERBAS

Para combater-las malas herbas entre as cepas en calquera época do ano, pode botarse o herbicida REGLONE a dose de 500-750 ml/hl. Os mellores resultados acádanse durante os meses de menos sol e máis humidade (dende Outono a Maio).

O REGLONE pode botarse cantas veces veñan as herbas e non dana as raíces nin os talos.

Tamén pode botarse TOUCHDOWN PREMIUM á dose de 500 a 800 ml/hl, tendo coidado de non mollar as partes verdes da viña; este dura máis que REGLONE.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botarase TERAFFIT, herbicida de pre e postemerxencia contra malas herbas anuais de folia estreita e ancha.